



## Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Política Económica	Código	611G02016		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Economía				
Coordinación	Seijas Diaz, Amparo Dolores	Correo electrónico	amparo.seijas@udc.es		
Profesorado	Casal Rodríguez, Bruno Iglesias Gomez, Guillermo Nuñez Gamallo, Ramon Jose Seijas Diaz, Amparo Dolores	Correo electrónico	bruno.casal@udc.es guillermo.iglesias@udc.es ramon.nunez.gamallo@udc.es amparo.seijas@udc.es		
Web					
Descrición xeral	O principal obxectivo desta materia é familiarizar ao alumno cos aspectos fundamentais dos procesos de toma de decisións das autoridades en materia de política económica. Para iso, preséntanse os conceptos básicos e principios explicativos dos procesos político-económicos. En particular estúdanse os principais obxectivos e instrumentos de política económica. O alumno, como consecuencia do desenvolvemento dos aspectos teóricos e prácticos do curso, ten que ser capaz de identificar e interpretar o papel das decisións públicas nos feitos económicos				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Desenvolver actitudes intelectuais como: creatividade, intuición e capacidade de análise, de reflexión lóxica e de crítica		B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C4 C5 C6 C7 C8
Adquirir un conxunto de instrumentos útiles para analizar a realidade económica en entornos cambiantes	A6 A8 A9 A10 A11 A12	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1



Comprender a utilidade da materia estudada para analizar as posibles situacións de natureza económica que afectan ás decisións empresariais	A2 A5 A6 A7 A8 A9	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	
Adquirir un conxunto de instrumentos útiles para analizar a realidade económica en entornos cambiantes	A1 A3 A4 A6	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema I. Fundamentos teóricos da Política Económica: Política Económica e Goberno	1.1. Introducción: A Política Económica como campo de análise. 1.2. Os sistemas económicos e as razóns da intervención na economía 1.3. O papel do Estado na economía e os fallos do sector público. 1.4. A interdependencia entre política e economía.
Tema II. O proceso de elaboración da Política Económica	2.1. Introducción 2.2. O esquema fins-medios. 2.3. Etapas e suxeitos do proceso de elaboración da Política Económica. 2.4. Problemas e restricións ó proceso de elaboración da política económica
Tema III. Obxectivos de Política Económica (I)	3.1. Introducción. 3.2. O pleno emprego. 3.3. A estabilidade de prezos. 3.4. Equilibrio exterior.
Tema IV. Obxectivos de Política Económica (II)	4.1. Introducción. 4.2. Crecemento económico. 4.3. Redistribución da renda. 4.4. Calidade de vida e conservación do medioambiente.
Tema V. Política Económica coxuntural	5.1. Introducción. 5.2. O ciclo económico e a política coxuntural. 5.3. Política monetaria: fundamentos e instrumentos. 5.4. Política fiscal: fundamentos e instrumentos. 5.5. Política mixta.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	A2 A3 A7 B1 B10	17	51	68
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C4 C5 C6 C8	21	21	42
Análise de fontes documentais	A2 A3 A7 B1	5	10	15
Lecturas	A2 A3 A4 A5 B8 B9 C4 C7	3	6	9
Proba mixta	B1 B2 B3	2	12	14
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Explícanse os aspectos fundamentais da materia.
Obradoiro	Realizaranse diferentes actividades que requiren a participación activa do alumnado. Valorarase a capacidade de análise e de razoamento do alumno afondando nos contidos propios da materia. En canto a traballo específico do alumno, propoñeranse preguntas de resposta breve para valorar o grao de aprendizaxe e a capacidade de síntese, tamén se formularán preguntas de resposta ampla relacionadas con aspectos da materia habitualmente con referencia a un texto, un gráfico, unha noticia, etc. e no seu caso tamén poden formularse preguntas onde o alumno deberá elixir unha das opcións formuladas no enunciado. Parte desta metodoloxía desenvolverase nas clases de grupo reducido.
Análise de fontes documentais	Utilizaranse referencias documentais de todo tipo que axuden aos obxectivos do curso. Servirán tanto para afianzar coñecementos teóricos coma para a realización de actividades de obradoiro.
Lecturas	En cada tema poderase facilitar ao alumno algún documento que sirva de referencia a través da súa lectura para afondar nos contidos teóricos da materia. A devandita documentación tamén poderá empregarse como material de apoio para o resto de metodoloxías de natureza máis práctica.
Proba mixta	Ó final do curso realizarase unha proba escrita que combinará preguntas de resposta breve ou resposta múltiple con algunhas cuestións de desenvolvemento amplo. Co este modelo de exame preténdense valorar os coñecementos adquiridos polo alumnado ó longo do curso, así como a capacidade de razoamento, a creatividade e o espírito crítico do alumnado

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Para lograr un mellor aproveitamento desta metodoloxía atenderanse as necesidades individuais de aprendizaxe de cada alumno. Desenvolverase tamén dentro das clases a grupos reducidos.  Para aqueles alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial establecerase un plan individual para a avaliación continua os primeiros días do cuatrimestre.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C4 C5 C6 C8	Avaliación ó longo do curso. Dentro deste apartado considérase a participación nas clases e as actividades prácticas desenvolvidas e presentadas polo alumnado durante o curso.	40



Proba mixta	B1 B2 B3	Avaliación nun exame final. Consiste na realización dun exame escrito no que se avalían todos os contidos desenvolvidos durante o curso.	60
-------------	----------	--	----

Observacións avaliación



## Cualificación

de non presentado: Corresponde ao alumno, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.

## Segunda

oportunidade: Na data e hora establecida no calendario académico oficial para a realización da proba de avaliación correspondente á segunda oportunidade, realizarase un exame que constará de dúas partes:

## Parte

xeral, que representa un 60 % da nota final que se suma a cualificación obtida polo estudante nas probas de avaliación continúa realizadas ao longo do cuadrimestre.

## Parte

específica para que os estudantes que o desexen poidan recuperar a cualificación correspondente ás probas e actividades contempladas na avaliación continua programadas e realizadas ao longo do cuadrimestre (probas test, problemas e outras actividades avaliáveis). A realización desta parte específica consistirá nunha serie de preguntas, exercicios e/ou casos prácticos que se avaliará a adquisición do tipo de competencias requeridas para superar as probas de avaliación continua realizadas durante o cuadrimestre. Esta parte do exame permite acadar un máximo do 40% da nota final. Deste xeito, os estudantes estarán en condicións de acadar na segunda oportunidade un 100% da cualificación.

## Nota

importante: O estudante que realizan a parte específica da proba de avaliación final programada para a segunda oportunidade enténdese que renuncia a cualificación obtida na avaliación continua desenvolvido durante o cuadrimestre.

## Convocatoria

adiantada: 100% en examen final.

## Estudantes

con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Agás para as datas aprobadas na Xunta de Facultade para a proba obxectiva final, para as restantes probas acordarase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación.

## Sobre

condicións de avaliación final: Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.



Identificación do estudante: O estudante ha de acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

@font-face

{font-family:"Cambria Math";

panose-1:2 4 5 3 5 4 6 3 2 4;

mso-font-charset:0;

mso-generic-font-family:roman;

mso-font-pitch:variable;

mso-font-signature:-536870145 1107305727 0 0 415 0;}@font-face

{font-family:Verdana;

panose-1:2 11 6 4 3 5 4 4 2 4;

mso-font-charset:0;

mso-generic-font-family:swiss;

mso-font-pitch:variable;

mso-font-signature:-1593833729 1073750107 16 0 415 0;}p.MsoNormal, li.MsoNormal, div.MsoNormal

{mso-style-unhide:no;

mso-style-qformat:yes;

mso-style-parent:"";

margin:0cm;

mso-pagination:widow-orphan;



font-size:12.0pt;  
font-family:"Times New Roman",serif;  
mso-fareast-font-family:"Times New Roman";  
mso-fareast-theme-font:minor-fareast;  
mso-fareast-language:ES;}.MsoChpDefault  
{mso-style-type:export-only;  
mso-default-props:yes;  
font-size:10.0pt;  
mso-ansi-font-size:10.0pt;  
mso-bidi-font-size:10.0pt;  
mso-fareast-language:ES;}div.WordSection1  
{page:WordSection1;}



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- CUADRADO ROURA, J. R. (dir.) (2010). Política Económica. Madrid:McGraw-Hill</li><li>- ARIAS, X.C. (1996). La formación de la política económica. Madrid: Civitas.</li><li>- FERNÁNDEZ DÍAZ, A.; J. A. PAREJO GÁMIR y L. RODRÍGUEZ SÁIZ (2011). Política Económica. Madrid: McGraw-Hill</li><li>- GÁMIR, L. (coord) (2008). Política Económica de España. Madrid: Alianza Editorial</li><li>- JORDÁN GALDUF, J.M. y A. GARCIA RECHE (coords) (1995). Política Económica. Objetivos, instrumentos, sectores y territorio. Valencia: Tirant lo Blanc</li><li>- MANKIW, N. G. (2004). Principios de economía. Madrid:McGraw-Hill.</li><li>- PAREJO GÁMIR, J. A.; A. CALVO BERNARDINO y J. PAUL GUTIÉRREZ (1995). La política económica de reformas estructurales. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces</li><li>- PETITBÒ, A. (2000). ?La defensa de la competencia en el ámbito del sector servicios?. Información Comercial Española, nº 787, págs. 153-185.</li><li>- Aranda, E.;Pérez, S.;Sánchez, A (2018). Política Económica y Entorno Empresarial. Madrid:Pearson</li><li>- García Reche, A.; Sánchez Andrés, A. (2016). Políticas económicas estruturales y de competitividad. Valencia: Tirant Lo Blanch</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías